



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

San Caetano, bloque 3
15781-Santiago de Compostela
Tfno: 981 54 00 00

galicia

Anxo M. Lorenzo Suárez, secretario xeral de Cultura, á vista do informe do Servizo do Sistema de Arquivos e da acta da Comisión técnica de avaliación das solicitudes presentadas na convocatoria das bolsas de formación en materia de arquivos correspondentes ao programa 2018 (Orde do 21 de decembro de 2017, DOG núm. 14, do 6 de febreiro de 2018), unha vez revisadas as alegacións presentadas ás listas provisionais,

PROPÓN

a aprobación dos listados definitivos Anexo I e a adxudicación das 20 bolsas por importe total de cento sete mil catrocentos seis euros (107.406 €) con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432A.480.1 e de catro mil cento sesenta e seis euros con corenta céntimos (4.947,50€) con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432A.484.0, en concepto de cotizacións á Seguridade Social, dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, segundo o listado que se xunta á seguinte proposta, ordenada como segue:

1. Adxucatarios das 20 bolsas de formación as persoas relacionadas nos 20 primeiros postos da listaxe que comeza en Javier Ruíz Astiz, con 8,75 puntos e remata en Noel Pérez Fernández con 3,50 puntos.
2. Suplentes: establecer o chamamento da lista de suplentes segundo a orde de puntuación, que comeza co posto nº 21 Salustiano Ferreirós Muinelo con 3,10 puntos e remata no posto nº 107 con María Luisa Malizia con 0,00 puntos
3. Excluídos: aprobar a listaxe definitiva de excluídos.



Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2018

O secretario xeral de Cultura

Anxo M. Lorenzo Suárez

Vista a proposta da Secretaría Xeral de Cultura en relación á convocatoria das bolsas de formación en materia de arquivos correspondentes ao programa 2018 (Orde do 21 de decembro de 2017, DOG núm. 14, do 6 de febreiro de 2018),

RESOLVO

a aprobación da proposta anterior en todos os seus termos.

Santiago de Compostela, 27 XUN. 2018

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



Román Rodríguez González